



Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude debido a falta de praza de atención ocupacional especializada

Expediente: G.6.Q/11374/22

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de..., nai de...

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que ten un fillo cunha enfermidade rara, “sen cura algunha, ..., levo aproximadamente 17 anos loitando, en primeiro lugar para descubrir que lle pasaba, que tenia, como tratalo e en segundo lugar para que puidese ter a mellor calidade de vida que unha nai pode dar a un fillo enfermo”. (...) “Vivimos en ... case tres anos, a ... non lle faltou nada, absolutamente nada en terapias, cuidados paliativos, atención en educación, tiña unha Discapacidade do 80%...”. “En xullo de 2018 trasladámonos desde ... a ..., onde non tiven parado de loitar, loitar e loitar, aínda así ... non chega nin a ter o 60% de calidade de vida e necesidades básicas cubertas, como as tiña nun país onde eramos inmigrantes, é duro dicir isto. Só para chegar a conseguir un 75% de discapacidade tivemos que ir a xuízo, perdelo, recorrer ao supremo, etc...”estivo escolarizado desde que chegamos a España: ..., 4 ESO con adaptación curricular (chegou de... con 3 ESO (... sen adaptación algunha, pero con moito esforzo das súas mestras e del). Terminei en 2019..., no cal estivo os cursos: 2019/2020; 2020/2021; 2021/2022 "un ano máis debido ao COVID" realizando unha FP básica ... Terminei en xuño 2022”.

“A partir deste intre... como cumpre 21 anos o día 20 de setembro de 2022, xa non ten dereito a nada. Pretendendo, bo, logrando que unha persoa con 21 anos unha enfermidade sen cura algunha, por non dicir mortal, quede en casa esperando unha praza pública a través da Xunta, "o cal vivindo o que estou a vivir se que nunca chegase". Política Social non che axuda en nada, so diche a posición na que se atopa o meu fillo... na lista programa de asignación de recursos (PAR), e non che dan máis detalles nin cando haberá prazas, nada e todo por correo electrónico, nin sequera preocúpense de verche, atenderche, axudarche, nada esa é a realidade”.

“Unha praza privada en... para centro ocupacional costa: a praza 604,71€ máis transporte 195,20€. Total: 799,90€... ter un fillo enfermo con todo o que esa conleva nunha contorna

familiar e que encima necesite o 120% da súa capacidade económica para estar nun centro 7,5h de 24h que ten o día. Estou desesperada...”

“O día 04/04/2022 resolve política social: Recoñecer a... D.N.I./N.I.E:... a inclusión non Programa de Asignación de Recursos para ou acceso a un servizo público de 020504 Atención ocupacional (Carteira de servizos específicos)... Participación non custo do servizo 020504 Atención ocupacional... €/mes... Participación non custo do servizo 010110 Servizo de transporte adaptado e asistido:... €/mes (en caso dá utilización deste servizo)...”.

“O meu fillo está enfermo e é unha persoa intelctualmente discapacitada, leva encerrada en casa desde xuño 2022 sen rutinas, sen hábitos, sen nada e esa non é xusto nin para el nin para o seu cuidador que son eu, debido a todo isto, tiven que collerme ata a baixa laboral na miña empresa...”.

“Segundo varias traballadoras sociais; en primeiro lugar, a da miña zona...; xa fixen todo o que se podía facer, servizos sociais non dispón de máis recursos, por tanto non poden axudarnos”.

“Gustaríame facer fincapé en que nesta mesma situación atópanse moitas familias, polo menos na provincia de ..., somos persoas de clase media tirando a baixa, e pagamos os nosos impostos como calquera outro cidadán e querenme dicir que cando cumpren 21 anos os nosos fillos temos que para nosa vida, sobre todo a persoa cuidadora, porque nin o estado, nin a comunidade autónoma na cal vivimos ocúpase xa deles, é unha inxustiza tan grande, que non entendo, como non se lle pon ningunha solución a este gran problema que afecta a tantas familias...”.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu.

No informe sinálase o seguinte:

“... Primeiro

O 7/11/2019 emitíuse resolución pola que se lle recoñece a xxx a situación de dependencia en grado 1.

O 20/02/2020 emitíuse a resolución do Programa Individual de Atención (PIA) recoñecéndoselle como modalidade de intervención adecuada, a de libranza para cuidados na contorna familiar.

O 30/03/2022 iniciase o procedemento de revisión do PIA motivado na solicitude de cambio de modalidade de libranza ou servizo, acordando o 06/04/2022, en virtude das circunstancias que concorren no informe de saúde, no informe social e na restante documentación, a inclusión no Programa de Asignación de Recursos (PAR) para o acceso a un servizo público de 020504 - Atención ocupacional e 010110 - Servizo de transporte adaptado e asistido.

Segundo

No tocante ás previsións de ingresos nunha praza pública, compre resaltar que os ingresos en centros dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude efectúase de conformidade co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

"Artigo 7 Resolución de asignación de praza.

- 1. A asignación de prazas levarase a cabo a través do Programa de asignación de recursos, conforme os criterios sinalados nos artigos 44 e 45 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.*
- 2. Correspóndelle ao órgano superior competente en materia de dependencia resolver a asignación das prazas vacantes en cada momento, ás persoas con mellor dereito dentro do programa de asignación de recursos, con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate.*
- 3. A prelación de acceso ao servizo polo sistema de libre concorrència realizarase de acordo coa aplicación sucesiva dos criterios que se regulan no artigo 44 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.*
- 4. Sen prexuízo do disposto con anterioridade, o órgano superior competente en materia de dependencia poderá adxudicar o servizo a unha persoa solicitante, con independencia do lugar que ocupe no Programa de asignación de recursos, ou mesmo sen estar incluído nel, cando se trate dun suposto de emerxencia social, a que fai referencia o artigo 16 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.*

O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes establece no seu artigo 44.4:

"(..) O programa de asignación de recursos establecerá a prelación mediante a aplicación dos seguintes criterios de priorización:

- a) O maior grao de dependencia.*
- b) A menor capacidade económica.*
- c) A situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia.*
- d) A non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.*
- e) A data de presentación da solicitude de valoración da dependencia.*

f) A idade da persoa en situación de dependencia.

Así mesmo, o artigo 45.1 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, establece que a asignación de prazas vacantes a persoas incluídas no Programa de Asignación de Recursos en centros do sistema galego de servizos sociais deberá efectuarse a favor da persoa que se atope mellor situada dentro do Programa de Asignación de Recursos, con respecto ao tipo de recursos e vacante de que se trate.

Non obstante o anterior, darase preferencia na asignación de recursos con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate, excepto nas situacións de emerxencia reguladas no artigo 16 ao suposto de persoas cuxa atención se veña realizando en recursos do sistema educativo e que, por razón de idade non peidan permanecer no dito sistema, sendo necesaria unha continuidade na súa atención a través de recursos do sistema de servizos sociais. A orde de prevalencia destas persoas entre si virá determinada pola aplicación dos criterios xerais previstos no artigo anterior.

Tendo en conta a preferencia que ten por proceder dun centro educativo, a solicitude presentada e as circunstancias a baremar, na data actual, ocupa a sexta posición no Programa de Asignación de Recursos (PAR) para un servizo de atención diúrna ocupacional, que se presta no centro ocupacional ..., que é o que daría servizo ao concello de ..., onde reside na actualidade.

A existencia desta baremación para a asignación de recursos, garante que os ingresos se fagan en base a uns mesmos parámetros de medición que eviten agravios comparativos entre os solicitantes do servizo de atención ocupacional.

Por todo o anterior, procede concluír que a Consellería de Política Social e Xuventude, como órgano xestor da asignación dos servizos do sistema de atención á dependencia, actúa con suxeición ao contido nas disposicións normativas, velando polo cumprimento de todos os trámites que integran o procedemento administrativo de asignación dos mesmos.

Igualmente, procede informarlle que o persoal da Subdirección Xeral de Recursos e Equipamentos de Apoio á Discapacidade está ao servizo do cidadán e neste senso atendeu a todas as consultas que a través do enderezo electrónico recdiscapacidade.politicasocial@xunta.gal, formulou en reiteradas ocasións, ... sobre a posición do seu fillo no PAR.”

ANÁLISE

1. A efectividade do servizo aprobado atópase retrasada. O 6 de abril do pasado ano a persoa ingresou na lista de agarda para praza de atención ocupacional, na que atopa no posto nº 6, pero non se indica cal é a previsión de ingreso, co que a incerteza continúa.

2. A través doutras queixas e informes coñecemos a insuficiencia de prazas públicas ou concertadas para persoas novas e con discapacidades específicas, algo especialmente relevante se temos en conta que a espera interrompe a atención desas persoas ao rematar a súa etapa educativa (necesidades educativas específicas).

3. As circunstancias fan ver que a demanda non se axusta ás necesidades, o que fai que as esperas sexan prolongadas mesmo cando estase nas listas con números avanzados.

4. En diferentes ocasións coñecemos problemas similares derivados da dificultade de acceder a unha praza do sistema de dependencia cando se trata de atencións especializadas para persoas novas con diversidade funcional.

A dificultade basease na falta de vacantes e no inadecuado dos criterios xerais do sistema de dependencia para dotalas e atender ás necesidades específicas destas persoas sen interrupción da atención nin esperas.

5. Trátase de persoas novas, polo que a única posibilidade de acceso a centros especializados próximos que eviten o desarraigo é que cada certo tempo se produza un axuste das prazas - moitas concertadas con asociacións de defensa dos seus dereitos- ás necesidades cambiantes. Porén, parece aplicarse o mesmo criterio que no resto dos centros do sistema, que maioritariamente atenden a persoas de elevada idade e con máis vacantes.

6. Hai tempo recomendamos que se facilitaran os servizos aprobados mediante a revisión dos criterios para a oferta de prazas de atención especializada coa adaptación ás necesidades cambiantes nas diferentes zonas para evitar o desarraigo. Iso podería facerse coa ampliación das prazas públicas ou concertadas.

A modalidade de concerto vén avalada polas directivas de contratación pública e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Os servizos sociais teñen marcadas características que fan que a aplicación dos procedementos de contratación pública resulten inadecuados. Esa é a causa da alternativa, os concertos sociais con entidades sen ánimo de lucro.

O concerto social é un instrumento de prestación de servizos sociais de responsabilidade pública a través de entidades, que deben cumprir os principios de atención personalizada e integral, arraigo da persoa na contorna, elección da persoa, continuidade na atención e calidade. Para iso poden establecerse criterios de formalización que supoñan medidas de discriminación positiva, como criterios sociais, de calidade e de experiencia ou traxectoria.

7. A consellería aceptou revisar os criterios para a oferta de prazas especializadas, o que poñería en marcha en colaboración coas distintas federacións e mediante concertos.

Comprometeuse a incrementar as prazas, pero a cantidade e a localización condicionábanse ás dispoñibilidades orzamentarias.

En 2020 a Consellería de Política Social anunciou que estaba prevista a creación dun número significativo de prazas en 2021 en función das dispoñibilidades orzamentarias; e que se farían os concertos sociais, para o que aprobara o Decreto 229/2020, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais, o que supuxo un importante avance.

8. O aumento de prazas de proximidade (a través de novas prazas públicas ou por concerto social) debe ser o instrumento que permita mellorar a atención a todas as discapacidades específicas en persoas novas.

9. Unha das medidas posta en marcha foi a modificación das causas de priorización da atención. Como sinala o informe, teñen preferencia as persoas que proveñan do sistema educativo cando sexa necesaria a continuidade da atención a través do sistema de servizos sociais. “A orde de prevalencia destas persoas entre si virá determinada pola aplicación dos criterios xerais previstos no artigo anterior” (os criterios xerais de ordenación da atención).

Porén, ao tratase de persoas novas, as vacantes non se producen con frecuencia, polo que a posibilidade de atención dilixente ás persoas afectadas so pode concretarse coa creación de prazas para as que contan con PIA aprobado, como xa sinalamos. Boa mostra do que sinalamos é a actual queixa; sen a creación de novas prazas a persoa afectada, que se atopa no nº 6 da lista de espera, previsiblemente terá atención nun prazo pouco razoable. Ademais, o problema non só afecta á esa persoa, senón a todas as que a preceden na lista, neste caso 5 máis.

10. A consellería sinalaba con ocasión de anteriores recomendacións que é consciente da necesidade de incrementar as prazas públicas existentes para atender as persoas en espera, o que tentaría abordar “na medida en que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias”. A consellería tiña prevista a creación dun número significativo de prazas, “consciente das necesidades de atención das persoas” con necesidades específicas.

11. Con ocasión da presente queixa novamente ponse de relevo que o problema radica no inadecuado do criterio xeral do sistema de dependencia para dotar este tipo de prazas e atender ás necesidades específicas destas persoas. Trátase de persoas novas, polo que a única posibilidade de acceso a centros especializados próximos que eviten o desarraigo é que cada certo tempo se produza un axuste das prazas, públicas ou concertadas con asociacións de defensa dos seus dereitos, ás necesidades cambiantes.

12. A consellería aceptou a necesidade de revisar os criterios para a oferta de prazas para a atención especializada, o que comezaría a poñer en marcha cos concertos sociais. Porén, coa resposta á presente queixa comprobamos que non concretou un incremento suficiente das prazas de proximidade para atender as necesidades recoñecidas a través de programas de atención aprobados.

13. O anterior sucede a pesar de que a consellería indicara hai tempo que traballaba na materialización do concerto social para a ampliación das prazas, unha vez publicado o Decreto 229/2020.

14. A Lei de Dependencia recoñece o dereito subxectivo ás prestacións ou servizos dende o momento da aprobación do programa de atención. Iso fai que resulte unha necesidade abordar as carencias que tratamos mediante mecanismos áxiles e flexibles de creación das prazas nos centros especializados con demanda pendente de atender despois do recoñecemento dos programas de atención, de obrigado cumprimento.

15. A persoa promotora da queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial, ás que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude, a seguinte recomendación:

Que con carácter xeral a oferta de prazas de atención especializada para persoas novas con diversidade funcional en tránsito da etapa educativa á de atención social se adapte ás necesidades recoñecidas polos programas de atención aprobados, e iso nas diferentes zonas, de tal forma que se evite o desarraigo das persoas;

E que se adopten as medidas previas necesarias para facilitar os servizos aprobados e en agarda para as todas as persoas na lista que tratamos, entre elas a persoa afectada pola presente queixa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes de conta da aceptación da recomendación



formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo